

CABEZA BORRADORA

David Lynch, 1977

790

ESTREA EN NUMAX: 22.02.2025 | V.O.S.E. | 90 min

Henry Spencer, un mozo depresivo e medorento, sofre desde cativo uns estraños pesadelos dos que intenta liberarse a través da súa imaxinación. Un día, a súa amiga Mary invítalo a cear á súa casa; atópase entón con que é pai dun bebé prematuro e inhumano. Mary e o estraño bebé instálanse na casa de Henry, onde un escenario iluminado tras o radiador amosa a presenza dunha muller.

«Un clásico do cine de medianoite,
unha delicia perversa»

Carlos Bonfil, LA JORNADA



O mestre das ideas sen sentido

Por Duncan Gray

Elixir unha boa película para unha noite de Halloween é toda unha arte. Debe dar medo pero non aterrar, debe provocar risas, funcionar ben nunha contorna social e deixar a xente atemorizada pero non traumada. En definitivas contas, o debut na realización de David Lynch en 1977, *Cabeza borradora*, non é unha boa escolla, a non ser que teñas un grupo de amigos ben raros.

O lugar que ocupa Lynch no cinema de terror ten suscitado debates fascinantes. Por unha banda, os seus filmes que decote se inclúen neste xénero, como *Estrada perdida* (1997) ou *Mulholland Drive* (2001) non teñen case ningún elemento argumental que comunmente asociamos co terror. Pero, por outro lado, dan moito medo, e non é ese o obxectivo do cinema de terror? *Cabeza borradora* probablemente sexa o filme máis visto xamais pola comunidade estudiantil o que non deixa de sorprenden ao tratarse dun pesadelo repulsivo.

Para os recién chegados, a melodía do filme di o seguinte. Nunha cidade industrial tóxica, a noiva dun tímido mozo dá a luz prematuramente a un bebé mutante e logo foxe deixándoo a el ao cargo de todo. Mentres o bebé ri, miaña e apodrece, o mozo loita contra unha sórdida atracción por un veciño, ten un pesado no que lle abren a testa, usan o seu cerebro para facer gomas de borrar e soña esperto cun meterse no radiador do seu apartamento, onde unha muller coas fazulas inchadas asegura que, “no ceo, todo esta ben”.

En definitiva unha película á que é case imposible de facerlle un *spoiler*. Poderías describirla plano a plano e, cando sentes vela, o temor irracional non diminuíría. Lynch é un mestre de ideas que non teñen sentido pero que dalgún xeito golpean directamente o subconsciente do espectador. Pero iso xa o agardaba a primeira vez que vin a película. O que é aínda máis sorprendente para un filme de tan baixo orzamento, é o absoluto control técnico da película, a perfecta integridade dun universo imaxinario, os intres de humor estraño e a forma en que, aínda cun espello deformado, se sinta como un retrato totalmente estadounidense.

Pisa con tino. As súas imaxes superporanse a todo o que mires durante un día ou dous, cando menos.

Publicado en theperpetualpresent.com